


Memoria
Servizo de
atención diúrna
2023



SOMOS COGAMI

A **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade -COGAMI-** é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública e constituída por **58 asociacións** de persoas con discapacidade. Presta servizos ás persoas con discapacidade e conta con **10 iniciativas** empresariais de economía social, xerando emprego na Organización a **1.169 persoas**.

Ano 2023: cara unha atención integral centrada na persoa

Este 2023 foi un ano moi importante para os centros de atención diúrna de COGAMI. A aprobación do **IV Plan Estratéxico**, que vai marcar o camiño a seguir da nosa Organización para os vindeiros anos, trae cambios na metodoloxía.

A partir de agora, vaise implantar unha metodoloxía de **Atención Integral Centrada na Persoa**. Será a persoa con discapacidade a que estea no centro da intervención, ela é a que marcará os obxectivos que desexa para o seu proxecto de vida. É, polo tanto, unha metodoloxía que emprega uns principios que garante o respecto á dignidade da persoa e á súa autodeterminación para vivir a vida que quere e decide vivir, e respectando os seus principios e valores, buscando o maior beneficio e benestar para as persoas con discapacidade.

De xeito progresivo estamos a implantar esta metodoloxía de traballo nos centros e servizos que COGAMI presta a persoas con discapacidade, sendo a primeira etapa formativa dirixida a profesionais e tamén de revisión de procedementos de traballo.

Outro logro conseguido en 2023 foi a materialización do concerto social, que permitirá maior estabilidade coa conseguinte prestación dun mellor servizo nos nosos centros de atención diúrna.



Centros de atención diurna

COGAMI dispón de **5 centros de atención diurna** que prestan apoios para cubrir as necesidades das persoas con discapacidade e familias, mellorando a súa autonomía e calidade de vida. Ofrece prazas de centro de atención terapéutica e ocupacional concertadas coa administración pública e tamén privadas.



A quen vai dirixido

Á atención de persoas con discapacidade maiores de 16 anos.

Prazas autorizadas

149 de centro de atención terapéutica, 57 de centro ocupacional e 5 de vivenda tutelada



Zona de influencia

Centros en: Fingoi (Lugo), Medelo (Silleda), Mos e Monteporreiro (Pontevedra), e Ferrol.

Os nosos servizos

Rehabilitación, educación básica, obradoiros artesanais e formativos, actividades de lecer, deportivas e culturais, transporte adaptado e comedor.



Un equipo de profesionais multidisciplinar

Valóranse as necesidades de cada persoa usuaria e, consensuado con ela mesma e a familia, deséñase un plan de atención individualizado axustado ás súas necesidades e adecuado aos programas e servizos que presta o centro.

Fingoi

Centro de día

35

persoas usuarias

23

persoas traballadoras



transporte



comedor



Castro de Rei, Láncara, Lugo, O Incio, Outeiro de Rei, Rábade, Sarria e Meira.



Actividades propias do centro

Formativas: informática básica, obradoiro de lectoescritura, habilidades de procesamento, habilidades manipulativas, habilidades sociais, información e orientación, autonomía para a vida diaria e manexo da cadeira a motor.

Programas: cursos e obradoiros artísticos, teatro e baile.

Mantemento e rehabilitación: terapia ocupacional, fisioterapia, logopedia, piscina terapéutica, terapia con animais e ioga adaptado.

Actividades na contorna

Deportivas: boccia, voleibol adaptado e baloncesto.

Culturais: Biblioteca Municipal, Rede Museística, visita ao Edificio Impulso Verde de Lugo, visita á UNED, charla de Ecoembes, entre outras.

Lúdicas: Entroido, carreira ENKI, San Froilán, cine, piscina de verán, visita ás Fragas do Eume, paseos polas ribeiras do Rato-Miño, visita á empresa Café Candelas, asistencia ao mercado de Frigsa, etc.



Medelo

Centro de día

27

persoas usuarias

13

persoas traballadoras



transporte



comedor



A Estrada, Cuntis, Forcarei, Silleda, Vedra e Vila de Cruces.

Actividades propias do centro

Formativas: formación básica educativa, alfabetización dixital, educación social e formación prelaboral (cerámica, tecidos, coiro, horta e cestería).

Programas, cursos e obradoiros: Obradoiros medioambientais coa asociación Amabul e a Sociedade Cooperativa Galega Ribeirán, obradoiro de plantas aromáticas na Feira Verde de Silleda, obradoiro de arte biodegradable impartido por Educalecrín, obradoiro Recicla no teu centro accesible (impartido por Ancaria, especialistas en xestión medioambiental), obradoiro de música de corpo e movemento impartido por AGAMUS a través do programa En-RED-Arte, Pontegal (actuacións teatrais, musicais e de perspectiva de xénero) e charla sobre acoso, ciberacoso e seguridade, impartida pola comandancia da Garda Civil de Pontevedra na Estrada.

Mantemento e rehabilitación: atención psicolóxica e pedagóxica, deporte terapéutico, teatro e terapia ocupacional.

Actividades na contorna

Deportivas: rutas de sendeirismo (Cumeiro, Pontevea, Fervenza de Férveda e Castro de Toiriz), asistencia ao partido de fútbol xogado en Riazor Deportivo - Alcorcón, xornadas de praia en Vilanova de Arousa e nas praias fluviais de Liñares e da Carixa, navegación adaptada polo Río Miño (a través da asociación Vontade), Gavea 2023 en Muxía, Termas de Outariz (Ourense), participación no programa Lecer Náutico en Sanxenxo e na Xornada Ecuestre de Amarai.

Culturais: concurso de Entroido Vila de Cruces, festa do cine, viaxe a Xixón, Festa do Lacón de Silleda, asistencia á actuación de Peter Punk, actuación organizada polo centro de atención diúrna de Monteporreiro e viaxe a Tenerife a través do programa de vacacións de COCEMFE.

Lúdicas: xornadas co CPI Plurilingüe de Vedra, co IES Pintor Colmeiro, co IES nº1 da Estrada e o CEIP Ramón de Valenzuela, xornada con DomusVi, xornada con Agadea, asistencia como público a Land Rober, Días Europeos da Artesanía no centro de Medelo, acto da X Solidaria con outras entidades da Estrada, LABEMPRENDE (Laboratorio de emprendemento itinerante), fin de semana de convivencia en Lalín a través do Programa de Iniciativa Xove da Xunta de Galicia levado a cabo por Anacos de Nós, xornada de portas abertas ás traballadoras dos servizos sociais de Silleda, participación en feiras e eventos da contorna (A Estrada, A Bandeira, Pasabodeghas...) etc.



Monteporreiro

Centro de día

18

persoas usuarias

10

persoas traballadoras



transporte



comedor



Barro, Cangas, Moraña, Poio, Pontevedra e Ribadumia.

Actividades propias do centro

Formativas: informática, inglés, lectura, habilidades sociais, xeografía, economía doméstica, etc.

Programas, cursos e obradoiros: coiro, teatro, pintura, musicoterapia, redes sociais, horta, etc.

Mantemento e rehabilitación: fisioterapia e terapia ocupacional.





Actividades na contorna

Deportivas: pádel, baloncesto, petanca, vela, etc.

Culturais: visita a varias exposicións: Ciencia en Movemento, Emocións en Perigo e a de Picasso, visita ao acuario de A Coruña, visita ao parque de “A Canuda”, en Salvaterra do Miño.

Lúdicas: asistencia á actuación de Antón Ke e a Peter Punk, saída á praia de Silgar, en Sanxenxo, etc.



Mos

Centro de día, centro ocupacional e vivenda tutelada

45

persoas usuarias

20

persoas traballadoras



transporte



comedor



Mos, O Porriño, Redondela, Vigo, Nigrán, Pontareas e Salceda de Caselas.

Actividades propias do centro

Formativas: Novas Tecnoloxías e Informática, habilidades sociais, horto e xardinería, etc.

Programas, cursos e obradoiros: actividades artísticas, carpintería, musicoterapia, xestión e manexo das emocións e do estrés, sexualidade e afectividade, coro e canto, terapia con animais, reciclaxe, etc.

Mantemento e rehabilitación: fisioterapia e terapia ocupacional, logopedia, natación terapéutica, integración sensorial, rehabilitación da linguaxe e a fala, etc.



Actividades na contorna

Deportivas: vela adaptada, turismo náutico polo río Miño con Sen Amarras, bicicleta con Discamino, saída á piscina municipal de Tameiga, obradoiros organizados polo Ciclo de Animación Sociodeportiva do Lar, torneo de Boccia en Apam, participación na 9 Carrera Solidaria Grupo Otis, etc.

Culturais: saída ao Pazo de Mos e ao Centro Dotacional de Torroso, visita ao CSCD As Pedriñas e aos centros comerciais de Gran Vía e Vialia, Pontegal, visita á exposición de Mecos no Pazo de Mos, aos obradoiros do Museo Marco e do Museo do Mar, Feira do Libro de Porriño e á Biblioteca de Chapela, etc.

Lúdicas: visita ao colexio Lar e ao ciclo medio/superior de Fillas M^a Inmaculada, charla sobre produtos de apoio para o ciclo de APSD do Lar, capacitación dixital “Xeneración D” Porriño, actos conmemorativos, II Feira de Formación e Educación do Concello de Mos, convivenzas con pernocta nas residencias de tempo libre de O Carballiño e Panxón, na praia de Samil e no centro de día de maiores de Valadares.



Ferrol

Centro de día

16

persoas usuarias

7

persoas traballadoras



transporte

 Ferrol, Narón e Valdoviño.





Actividades propias do centro

Formativas: obradoiro de formación educativa básica, atención cognitiva e memoria, actividades artísticas e manualidades, manexo de novas tecnoloxías e promoción da autonomía persoal para a vida diaria.

Programas, cursos e obradoiros: Actividades de teatro do programa En-RED-Arte, obradoiro de autocoidados e hixiene, emocións, habilidades sociais e conversa.

Mantemento e rehabilitación: servizo de terapia ocupacional, fisioterapia e logopedia.

Actividades na contorna

Deportivas: participación na escola de baloncesto UNI2 do BAXI Ferrol e participación na Carreira ENKI.

Culturais: visita ás exposicións “Ferrol no tempo” de Afundación, e “Viaxe polo sistema Solar”, de Fundación “la Caixa”, participación na actividade de Circus Malabares e na actividade Recicla en tu centro accesible, de Ecoembes, etc.

Lúdicas: participación en actos da X Solidaria, celebración do Entroido, do Día da Muller, do Día do Libro, do Día das Letras Galegas, do Samaín, do Nadal, do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, colaboracións cos Concellos de Ferrol e Narón en actos, celebración de comidas e festividades ao longo do ano e reunións coas familias.





Centro Fingoi

Rúa da Luz, nº 4
27002 Lugo
Tlf: 982 253 332
crd.fingoi@cogami.gal

Centro Medelo

Manduas - Lugar de Medelo, s/n
36570 Bandeira - Silleda
Pontevedra
Tlf: 986 581 387 / 663 940 759
crd.silleda@cogami.gal

Centro Monteporreiro

Rúa Alemaña, nº 23, baixo
36162 Pontevedra
Tlf: 986 845 250
crd.monteporreiro@cogami.gal

Centro Mos

Avda. do Rebullón, s/n Puxeiros
36416 Mos
Pontevedra
Tlf: 986 487 925
crd.mos@cogami.gal

Centro Ferrol

Rúa Sánchez Calviño, nº56-58
15404 Ferrol
A Coruña
Tlf: 981 325 568
silferrol@cogami.gal

COGAMI